



PROTOCOLO COVID-19

E.D.TERRAS DE MASIDE

Unha vez publicado o protocolo polo Consello Superior de Deportes, de agora en diante abreviado CSD, así como as recomendacións de diferentes estamentos sanitarios e deportivos, como a RFGF, as E.D. Terras de Maside elaborou un protocolo de continxencia e actuacións que deben respectar e cumprir todos os nosos equipos desde Iniciación ata xuvenil para así poder adestrar de xeito seguro, reducindo os posibles riscos derivados do Covid-19.

INSTALACIÓNS ADESTRAMENTO E CONTINXENCIAS:

- 1- Campo de fútbol do Outeiro Grande.
- 2- Puntos de xel desinfectante e alfombrilla para calzado.
- 3- 2 campos de fútbol 8, segundo a normativa.
- 4- Termómetros dixitais para toma de temperatura a entrada de adestramentos, non podendo superar os 37,5º.
- 5- Horarios dispoñibles priorizando as categorías de base de ditas escolas, sen perigo de xuntarse co equipo senior do Maside F.C.
- 6- Só se permite a entrada a nenas/os dos diferentes equipos de xeito escalonado e os seus adestradores co tempo suficiente entre equipos.
- 7- Evitaremos na medida do posible o uso de duchas e cada un realizará o aseo de xeito individual nas súas vivendas.

- 8- Máscaras obrigatorias ata que as autoridades sanitarias así o consideren.
- 9- Persoa responsable de vixiar que as medidas expostas se cumbran.
- 10- O material de uso común, como poden ser: balóns, vallas, porterías, conos, etc. serán debidamente desinfectados.
- 11- So se permitirá o acceso no recinto deportivo co material imprescindible que garantice unha axeitada hixiene persoal de xeito individual.
- 12- Os vestiarios non serán utilizados.
- 13- O uso do baño será individual, limitado na medida do posible máximo posible.

MEDIDAS ESPECÍFICAS ADESTRAMENTOS:

- 1- Cada xogador/a e adestradores deberán marcar con rotulador permanente a súa auga e útiles de adestramento, así como roupa, peto e toalla persoal.
- 2- Os xogadores/as serán autorizados polos adestradores a baixar máscaras en exercicios e actividades puntuais nas que se poida manter a distancia de seguridade.
- 3- Os adestradores e persoal autorizado nas instalacións sempre usarán a máscaras, excepto adestradores que se rexerán polo punto 2, unicamente garantindo a distancia de seguridade.
- 4- Tras a sesión de adestramento todas as persoas que estiveron no mesmo deberán desinfectarse as mans e poñer a máscara.
- 5- Os adestramentos realizaranse en grupos reducidos e facendo subgrupos, sen intercambio de elementos para garantir control e crear grupos burbulla.

SÍNTOMAS E SITUACIÓNS DE RISCO:

1 – Prohibido asistir a unha sesión de adestramento a calquera nena/o, así como adestradores que presenten síntomas compatibles da Covid-19, gardando corentena de 15 días e unha vez descartado o contaxio poderá incorporarse de novo.

2 – Non deberá asistir a os adestramento nenos/as que teñan familiares ou achegados na convivencia algunha persoa que padeza a Covid-19, mantendo a corentena do punto anterior.

3 – Se se detectan síntomas a algunha persoa dentro das instalación deportivas, aislarase de xeito urxente evitando así o contacto co grupo, na **ZONACOVID**, debidamente sinalizada nas instalacións.

4 – Todos os xogadores e xogadoras, así como os adestradores deben ter asinada a licenza e declaración Covid da RFGF e das E.D.Terras de Maside, aceptando as normas e medidas así estipuladas.

MATERIAL PRECISO:

- 1- Solucións ou líquidos desinfectantes
- 2- Pulverizadores.
- 3- Xeles hidroalcohólicos.
- 4- Alfombra desinfectante.
- 5- Máscaras emerxencia
- 6- Termómetros dixitais